

ORDENANZA 4.31

**PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, IMPRESOS E PUBLICACIÓNS; E POLA
REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, CURSOS OU SIMILARES**

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co 41, ambos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese o prezo público pola venda de libros, impresos e publicacións; a celebración de xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares

Artigo 2º. Concepto

1. O prezo público regulado nesta Ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente adquiren os libros, impresos ou publicacións, e os que participen nas prestación dos servicios ou a realización de actividades desenvolvidas nas xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares

Artigo 3º. Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta Ordenanza:

1. os que adquiren os libros, impresos ou publicacións
2. quen solicite ou se beneficie da prestación de servicios ou da realización de actividades consistentes na celebración de xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares

Artigo 4º. Cuantía

1. O importe que se debe pagar ó Concello ou ó Auditorio pola venda de libros, impresos e publicacións; a celebración de xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares será o que aprobe a Xunta de Goberno Local ou o Consello Directivo do Auditorio en atención ó custe dos mesmos
2. O Concello e o Auditorio poderán reducir o prezo que deben aboar os interesados, previo acordo da Xunta de Goberno Local ou do Consello Directivo do Auditorio, nos seguintes supostos:
 - a. distribución de libros, impresos ou publicacións entre entidades públicas ou entidades sen fin de lucro por razóns protocolarias
 - b. distribución de libros, impresos ou publicacións entre departamentos municipais
 - c. participación en xornadas, cursos, actividades culturais e lúdicas ou similares por razóns de interese xeral; sempre que se garanta a cobertura do custe da actividade ou servicio

Artigo 5º. Normas de xestión

1. A obriga do pago do prezo público pola adquisición de libros, impresos ou publicacións nace no momento no que se adquira ou solicite a adquisición dos mesmos
2. A obriga do pago do prezo público pola participación en xornadas ou cursos e actividades culturais e lúdicas ou similares nace no momento da inscrición ou solicitude de participación nos mesmos
3. Para a fixación do importe do prezo público será necesaria a proposta do Servicio ou Departamento responsable da publicación ou da prestación do servicio ou realización da actividade na que se xustifique documentalmente:
 - 3.1. no caso de venda de libros, impresos ou publicacións:
 - a. o custe total dos libros, impresos ou publicacións

b. o número de libros, impresos ou publicacións editados

3.2. No caso de xornadas, cursos, actividades culturais e lúdicas ou similares:

a. o custe total da actividade o servicio

b. o número estimado de asistentes ou participantes na actividade ou servicio

3.3. en todo caso, se o prezo a aboar polos interesados é inferior o custe do servicio ou actividades, nos termos regulados no artigo 4.2 desta ordenanza, a proposta do Servicio ou Departamento responsable debe incluír a previsión da súa financiación

3. Cando por causas non imputables ó obrigado ó pago do prezo, o servicio ou actividade non se preste ou non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día oito de novembro de dous mil catro. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil cinco, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.